



**Concello de
Oleiros**

INFORME SOBRE A VALORACIÓN DOS SOBRES “B” DAS EMPRESAS ADMITIDAS Á LICITACIÓN DA OBRA DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS HUMBOLDT E LINNEO”

ANTECEDENTES:

Con data 26 de outubro do 2023 tivo lugar a apertura dos arquivos ou sobres electrónicos “B”, subtitulados ‘Referencias técnicas’ das ofertas presentadas polas empresas admitidas á licitación da obra denominada “Acondicionamento das rúas Humboldt e Linneo”. Remitidos ditos arquivos ao Comité de Expertos designado no prego de cláusulas administrativas que rexe esta licitación, ao obxecto de que se emita informe técnico sobre o contido dos mesmos, pola presente evacúase o presente,

INFORME:

Os criterios de valoración serán os recollidos no Anexo IV (fase I) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para esta licitación, e dentro destes estudarase especialmente o seguinte:

- **Programa de traballo (cláusulas 12.B.1 e ANEXO IV do PCAP) – puntuación max. 20 puntos:**

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se van realizar en cada prazo.

Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra, e en especial:

- Plano de distribución das casetas de obra, colectores, provisións, guindastres e outra maquinaria
- Plano de circulacións na parcela durante os traballos, peonís e motorizadas
- Plano de servizos afectados e demais afeccións á contorna
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da execución
- Listaxe de medios humanos e maquinaria que se vai utilizar na obra
- Perfil ou listaxe, no seu caso, das empresas subcontratadas e subministradoras de materiais.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en porcentaxes de tempo).

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Neste apartado non se valorará a redución do prazo, posto que neste apartado valorarase a forma de organizar, planificar, programar e coordinar os medios materiais e persoais e a forma de execución, sistemas construtivos, etc.

Valorarase:

- A análise correcta do ámbito de actuación



Concello de Oleiros

- A análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas
- A descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar
- A disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc)
- A circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- A calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra
- A coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- A adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- A adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- A descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que dispoña dunha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que dispoña dunha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que dispoña dunha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que dispoña dunha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

- **Programa de actuación ambiental (cláusulas 12.B.2 e ANEXO IV do PCAP) – puntuación max. 10 puntos:**

As empresas deberán presentar un programa de actuación ambiental que contemple as medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais
- Rexeneración de espazos
- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas
- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4. c do RD 105/2008
- Medidas de aforro enerxético

A documentación anterior irá acompañada de:

- Plano de áreas protexidas afectadas, no seu caso
- Plano de ordenación dos materiais sobre a parcela
- Plano de situación de vertedoiros e puntos limpos que se van utilizar durante a obra



Concello de Oleiros

- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da actuación ambiental
- Copias dos certificados de xestión ambiental de que dispoña a empresa
- Copias dos certificados de adecuación ambiental dos materiais que se van empregar na obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras en materia ambiental, no seu caso

Valorarase:

- A análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- A análise correcta das posibles afeccións ambientais
- A descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- A adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- A xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar
- O axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar
- O axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra
- O informe completo da xestión dos residuos na obra, a trazabilidade e procesos
- O emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclables
- O axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se van realizar
- A descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos
- O axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de actuación ambiental que dispoña dunha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que dispoña dunha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que dispoña dunha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que dispoña dunha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

- **Esquema do plan de seguridade e saúde (cláusulas 12.B.4 e ANEXO IV do PCAP) – puntuación max. 5,2 puntos:**

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se van adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade



Concello de Oleiros

- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas
- Declaración responsable de realizar auditorías periódicas en materia de seguridade e saúde

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que dispoña dunha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que dispoña dunha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que dispoña dunha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que dispoña dunha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

Unha vez revisadas as ofertas presentadas e seguindo os criterios descritos, a puntuación dos sobres B obtida polos licitadores é a que segue:

EMPRESAS	CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS			PUNTUACIÓN TOTAL SOBRES "B"
	PROGRAMA DE TRABAJO	PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL	ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE	
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	13,25	7,75	5,20	26,20
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	13,50	7,80	5,10	26,40
MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L.	20,00	9,75	5,20	34,95

A oferta do licitador **Civis Global, S.L.U.** contempla un Programa de traballo que presenta unha definición completa, con suficiente adaptación á obra. En concreto, como aspectos positivos, pode sinalarse que efectúa unha adecuada, aínda que básica, descrición técnica dos traballos que se van realizar e, por outra banda, na oferta especificase unha calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra e tamén existe coherencia entre os diagramas de Gantt e PERT.

A adecuación dos medios humanos e materiais asignados á obra efectúase por riba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares.

Non obstante, no que respecta aos aspectos negativos da oferta, sinalase que a mesma non contempla (ou non o fai de forma adecuada) nin un plano de distribución das casetas de obra, colectores, provisións, guindastres e outra maquinaria, nin un plano de servizos afectados e demais afeccións á contorna.

Por outra banda, tanto a análise do ámbito de actuación como a de posibles afeccións ao territorio, servizos pre-existentes ou persoas efectuáronse de forma xenérica, ao non estudarse en profundidade as particularidades da obra nin da contorna que a rodea en cada tramo. A descrición das posibles



Concello de Oleiros

problemáticas ou desviacións durante a execución considérase incompleta, por non terse analizado de forma exhaustiva as distintas incidencias que poderán xurdir, analizándose tan so parte das mesmas.

Respecto ao Programa de actuación ambiental, pode considerarse que dispón dunha definición completa con suficiente adaptación á obra. Como aspectos positivos neste apartado da oferta sinálase a axustada descrición das medidas de control e corrección previstas, a adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos, o axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar e das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra.

Como aspectos negativos sinálase os seguintes: o plano de ordenación dos materiais sobre a parcela non se considera totalmente definido, non se aporta plano de posibles áreas protexidas afectadas nin copias dos certificados de adecuación ambiental dos materiais que se van empregar na obra, e tanto a análise da relación da obra co medio ambiente como a análise das posibles afeccións ambientais efectuáronse de forma xenérica.

Con relación ao Esquema do Plan de seguridade e saúde presentado coa oferta, considérase que este dispón dunha definición completa con total adaptación á obra, destacando como aspectos positivos os seguintes: a descrición das medidas de prevención que se van adoptar, a adecuada definición dos sistemas de seguimento e control de aplicación do plan, a oferta de melloras de índole técnica, a adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade, así como a realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.

A oferta de **Construcciones López Cao, S.A.** presenta un Programa de traballo cunha definición completa, con suficiente adaptación á obra. Efectúase unha correcta, aínda que básica, análise do ámbito de actuación e das posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Destaca, como parte positiva da oferta, a adecuada descrición técnica dos traballos que se han realizar, a calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra e a coherencia entre os diagramas de Gantt e PERT.

Entre os aspectos negativos deste apartado da oferta destaca a ausencia (ou presentación incompleta) de plano de servizos afectados e demais afeccións á contorna e de plano de circulacións na parcela durante os traballos, peonís e motorizadas. A disposición de elementos auxiliares non se efectúa de forma adecuada. A adecuación dos medios humanos e materiais asignados á obra, non queda suficientemente xustificada por riba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares.

No que respecta ao Programa de actuación ambiental, pode considerarse que dispón dunha definición completa con suficiente adaptación á obra. Como aspectos positivos neste apartado da oferta sinálase a axustada descrición das medidas de control e corrección previstas, a adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos, a xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar, o axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar e das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra, a adecuada descrición dos vertedoiros e centros de xestión de residuos, así como o axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra.

Como aspectos negativos destaca a insuficiente xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar. Detéctanse certas carencias na oferta no que respecta ao informe completo da xestión dos residuos na obra, a trazabilidade e procesos, así como ao emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclables.

Con relación ao Esquema do Plan de seguridade e saúde presentado coa oferta, considérase que este dispón dunha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra, destacando como aspectos positivos os seguintes: a adecuada definición das medidas de prevención que se van adoptar, dos sistemas de seguimento e control de aplicación do plan, a oferta de melloras de índole técnica, a adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade, a realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas, así como a presentación dunha declaración responsable de realizar auditorías periódicas en materia de seguridade e saúde.



Concello de Oleiros

A oferta presentada por **Manuel Rivas Boquete, S.L.** dispón dun Programa de traballo cunha definición completa, con total adaptación á obra. Destaca polo seu axuste e especificidade con respecto á obra que se licita, demostrando ter realizado un estudio exhaustivo a nivel documental e a nivel de campo das obras que se pretenden executar. Tódolos apartados da oferta sobresaen polo seu grao de detalle e adaptación á obra. Así, presenta un programa de traballo completo e particularizado, específico, cunha definición completa e totalmente adaptado á obra, que analiza de forma especialmente detallada as distintas particularidades da obra así como as posibles afeccións da mesma, propoñendo solucións ás distintas problemáticas que, tal e como se define na oferta, poderían aparecer durante o transcurso dos traballos.

Como puntos positivos da oferta, no que respecta ao programa de traballos, sinálase a correcta e completa análise do ámbito de actuación, a correcta e moi estudada análise de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas, a adecuada descrición técnica dos traballos que se han realizar, a adecuada disposición de elementos auxiliares, a apropiada circulación de persoal e maquinaria pola obra, a calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra, a coherencia entre os diagramas de Gantt e PERT, a adecuación dos medios humanos e materiais asignados á obra, por riba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares, así como a correcta descrición das posibles problemáticas ou desviacións que poidan xurdir durante a execución da obra.

No que respecta ao Programa de actuación ambiental, pode considerarse que dispón dunha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra. Como aspectos positivos neste apartado da oferta sinálase a correcta e detallada análise da relación da obra co medio ambiente e das posibles afeccións ambientais, o axuste das medidas de control e corrección previstas, a adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos, a xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar, o axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar e das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra, o axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se van realizar, a adecuada descrición dos vertedoiros e centros de xestión de residuos, así como o axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra. Unicamente se detectan pequenas carencias neste apartado da oferta, pero de pouca transcendencia.

En relación ao Esquema do Plan de seguridade e saúde presentado coa oferta, considérase que este dispón dunha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra, destacando como aspectos positivos os seguintes: a adecuada definición das medidas de prevención que se van adoptar, dos sistemas de seguimento e control de aplicación do plan, a oferta de melloras de índole técnica, a adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade, a realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas, así como a presentación dunha declaración responsable de realizar auditorías periódicas en materia de seguridade e saúde.

Non se aprecian aspectos negativos de especial relevancia neste apartado da oferta.

O que se informa aos efectos oportunos.

Oleiros, con data de sinatura dixital

O Comité de Expertos designado no prego de cláusulas administrativas que rexe esta licitación,